INCENTIVOS Á CREACIÓN MUSICAL: **EDICIÓN**
DE OBRAS ORQUESTRAIS, DE CÁMARA E OUTROS FORMATOS DE CONCERTO
PUBLICADAS EN 20**25**

fundación sgae

NORMAS XERAIS

A **Sociedade Xeral de Autores e Editores** e a **Fundación SGAE** ratifican o seu firme propósito de apoiar o labor dos editores de obras de música orquestrais, de cámara e outros formatos de concerto, e establecen uns incentivos á edición cuxa concesión se rexerá por estas normas.

I REQUISITOS

Poderán optar a incentivos á edición as primeiras publicacións de obras de **música para orquestra sinfónica, agrupacións de cámara, instrumentos a solo, para voz ou agrupacións corais (con ou sen acompañamento), dramático-musicais (óperas, zarzuelas e ballets) e para banda sinfónica de música clásica (quedan excluídas as obras de carácter folclórico-popular)**, orixinais de autores o autoras socios da SGAE, que o editor editase en virtude do correspondente contrato de edición e cuxa publicación se realizase ao longo do ano 2025.

- Cando o ámbito territorial do contrato de edición subscrito entre o autor ou autora e o editor sexa todo o mundo, o editor percibirá o 100% do incentivo establecido.
- Se o ámbito territorial do contrato de edición comprende polo menos a Unión Europea no seu conxunto e o continente americano, o editor percibirá o 75 % do incentivo establecido.
- Se o contrato de edición atendese a territorios distintos aos anteriormente mencionados, aboarase o 50 % do incentivo establecido.

Tamén poderán optar a incentivos á edición as publicacións que, unha vez editadas no estranxeiro, sexan de novo e por primeira vez en España obxecto de publicación, sempre e cando cumpran os requisitos detallados nestas normas.

1. Respecto ao editor

- Os incentivos á edición concederánselles unicamente aos editores de música socios da SGAE ou que estean tramitando a súa alta no momento da solicitude. Neste caso, deberán acreditar debidamente á Fundación SGAE, no momento da solicitude do incentivo, este feito. En calquera caso, a FUNDACIÓN SGAE non aboará o incentivo a ningún editor que non completase a súa alta na SGAE.

  Non poderán optar a un incentivo os editores que sexan membros da Xunta Directiva ou da Comisión de Supervisión da SGAE nin os que sexan membros do Padroado da Fundación SGAE.

2. Respecto á edición gráfica da obra

- As edicións deberán incorporar a mención do copyright; o ISMN; o depósito legal, cuxo ano deberá coincidir co da publicación e do incentivo; os datos da imprenta, e, na súa primeira páxina interior, o logotipo da Fundación SGAE debidamente impreso, este último como constancia de que as mencionadas edicións optaron aos incentivos.
- A súa presenza deberá ter a dignidade, o acabado e a presentación das publicacións destinadas á comercialización.
- A cantidade de exemplares impresos da obra (tiraxe) responderá, nun número suficiente, á súa comercialización. O editor está obrigado a declarar no formulario de solicitude o número de exemplares impresos na tiraxe.
- As edicións deberán corresponder a obras cunha duración non inferior a cinco minutos e ter un número suficiente e adecuado de páxinas para a lectura dos seus contidos.
- Tanto nas obras de gran formato como nas de formato regular de cámara e nas de banda sinfónica de música clásica, deberán presentarse polo menos dúas ou tres partes (*particellas*) en separata para contribuír a unha mellor valoración da edición.
- Naqueles casos en que sexa posible, recoméndase que nas edicións das obras apareza o nome ou as letras iniciais da persoa ou do evento a que vai dedicada a obra, se procede; e se esta foi consecuencia dun encargo, suxírese a mención da persoa ou entidade que o solicitou.
- Soamente no caso das obras que fosen estreadas deberán aparecer nas edicións os datos correspondentes ao lugar e a data en que se produciu a estrea.
- As edicións das obras de gran formato deberán ter 15 ou máis partes distintas e presentar a suficiente lexibilidade en canto a un maior tamaño dos caracteres utilizados.

- Todas as edicións das obras de gran formato, de banda sinfónica de música clásica e de formato regular (de 4 a 15 partes) deberán incluír letras ou números de ensaio nas súas diferentes seccións, tanto na partitura como nas partes (separatas de *particellas*).

II NON PODERÁN OPTAR A INCENTIVOS Á EDICIÓN

1. As publicacións que sexan resultado da encadernación de material fotocopiado.
2. Aquelas edicións, totais ou parciais, que xa recibisen un incentivo á edición, aínda que incrementasen posteriormente o seu número de páxinas.
3. As obras das que algunha das partes fose parcialmente editada ou recibise algún incentivo á edición, e cuxa totalidade fose editada posteriormente.

III FORMULACIÓN DE SOLICITUDES

1. Unha vez cuberto en calquera lingua oficial do Estado español ou en lingua portuguesa o formulario de solici-**tude de incentivos á edición**[1] deberase presentar xunto cun exemplar da edición gráfica da obra para a que se solicita o incentivo.
2. As solicitudes dirixiranse á Fundación SGAE ou, de ser o caso, ás sedes e delegacións xerais da SGAE. Na circunstancia de que a solicitude presente algún defecto de forma, seralle notificado ao editor, que deberá emendalo no prazo de 30 días naturais, contados desde a data da notificación.
3. A Comisión Avaliadora poderalle requirir ao solicitante a achega de toda a documentación e informes complementarios que estime oportunos.
4. A documentación achegada polo solicitante pasará a formar parte do Arquivo Musical da SGAE por tempo indefinido.
5. O prazo de presentación das solicitudes é do 20 de xaneiro de 2026 ao 27 de marzo de 2026.

IV CONSTITUCIÓN, MISIÓN E COMPETENCIAS DA COMISIÓN AVALIADORA

1. A concesión de incentivos á edición será competencia exclusiva dunha comisión avaliadora.
2. A **Comisión Avaliadora para a Concesión de Incentivos á Edición de Obras** estará integrada por catro membros máis un presidente ou presidenta con voto dirimente. O presidente ou presidenta será un membro da Xunta Directiva da SGAE ou un membro do Padroado da Fundación SGAE. Os outros catro membros poderán ser socios ou socias da SGAE sen cargo nos órganos representativos da SGAE e a Fundación SGAE, ou intérpretes e directores ou directoras de orquestra de recoñecida traxectoria, e/ou membros dos consellos territoriais da SGAE. Ningún membro da Comisión Avaliadora poderá ser solicitante destes incentivos á creación. Tampouco se poderán presentar obras da autoría dalgún dos membros da Comisión Avaliadora.
3. A Comisión Avaliadora manterá reunións anuais únicas, ao longo dun máximo de tres sesións en días consecutivos, durante os meses de **abril ou maio**.
4. Nestas reunións, a Comisión Avaliadora analizará as solicitudes que, cumprindo o establecido nestas normas, fosen presentadas **entre o 20 de xaneiro e 27 de marzo de 2026.**
5. A Comisión Avaliadora será soberana, e as súas decisións inapelables, e reserva para si o dereito de non cubrir na súa totalidade a mencionada cota de concesións, xa sexa por incumprimento ou ausencia dun ou varios dos requisitos formais e/ou de contido esixidos nestas normas ou por falta de calidade das obras que se presenten.

V CUALIFICACIÓN, CLASIFICACIÓN, COTA, DOTACIÓN E PAGAMENTO DOS INCENTIVOS

1. Para os únicos efectos de concesión de incentivos á edición, as obras clasifícanse en:

A. Obras de gran formato con máis de 15 partes distintas:

- Obras de carácter sinfónico: para orquestra, sinfónico-corais ou desenvolvidas con procesos mixtos que inclúan medios electroacústicos.
- Obras dramático-musicais (óperas, zarzuelas e ballets) de gran formato.

[1] Á disposición dos interesados nos sitios web www.sgae.es e www.fundacionsgae.org.

B. Obras de formato regular con de 1 a 3 partes distintas:

- Obras para instrumentos a solo ou voz soa, obras para agrupacións de cámara instrumental ou vocal de ata 3 partes (con ou sen acompañamento) ou obras desenvolvidas con procesos mixtos que inclúan medios electroacústicos.

C. Obras de formato regular con de 4 a 15 partes distintas:

- Obras de carácter camerístico en xeral: para agrupación de cámara instrumental ou vocal (con ou sen acompañamento) de 4 a 15 partes, para orquestras de cámara ou desenvolvidas con procesos mixtos que inclúan medios electroacústicos.
- Obras dramático-musicais con modelos instrumentais camerísticos (óperas de cámara, zarzuelas en formato de cámara e ballets).

D. Obras para banda sinfónica de música clásica:

- Obras de carácter sinfónico escritas para bandas profesionais de música clásica (quedan excluídas as obras de carácter folclórico-popular).

No caso de que exista controversia sobre a cualificación e clasificación da obra para a concesión dos incentivos, a Comisión Avaliadora determinará en última instancia a dita cualificación e clasificación.

2. Concederanse anualmente ata 10 incentivos á edición de obras de gran formato, ata 10 para obras de formato regular de 1 a 3 partes, ata 15 incentivos para obras de formato regular de 4 a 15 partes e ata 5 incentivos á edición de obras de música clásica para banda sinfónica.
3. O incentivo á edición para cada unha das obras de gran formato será de **mil douscentos euros** (1.200 €), de **catrocentos euros** (400 €) para as obras de formato regular de 4 a 15 partes, de **douscentos euros** (200 €) para as obras de formato regular de 1 a 3 partes e de **setecentos euros** (700 €) para as obras de música clásica para banda sinfónica.
4. Un editor poderá optar nun mesmo ano a un máximo de dous incentivos á edición de obras de gran formato, a un máximo de cinco incentivos á edición de obras de formato regular e a un máximo dun incentivo á edición de obras de música clásica para banda sinfónica.
5. Os incentivos satisfaranse sen desconto ningún en concepto de gastos de administración e serán obxecto da retención correspondente ao IRPF ou imposto equivalente do país que corresponda, de acordo coa lexislación vixente. Para o cobramento do incentivo, será necesario que o beneficiario emita a correspondente factura que cumpra os requisitos esixidos pola normativa vixente.
6. No caso de coedición cun editor non socio da SGAE, unicamente se satisfará o incentivo na porcentaxe que, de acordo co rexistro da obra existente na SGAE, corresponda á participación do editor socio da entidade.

VI MODIFICACIÓN DAS NORMAS

A Comisión Avaliadora poderá propor ao Padroado da Fundación SGAE as modificacións normativas que considere oportunas, aínda que a competencia plena nesta materia é exclusiva do Padroado da Fundación SGAE.

VII XURISDICIÓN E FORO

Para a interpretación e resolución dos conflitos que puidesen xurdir entre as partes como consecuencia desta convocatoria ou dalgunha ou de todas as súas condicións e das relacións por el reguladas, e con renuncia expresa a calquera foro que lles puidese correponder, as partes sométense á xurisdición dos tribunais e xulgados de Madrid capital.

Entrega de solicitudes e materiais:

Fundación SGAE. Departamento de Música
Bárbara de Braganza, 7
28004 Madrid

Tel. (+34) 91 503 68 00

smoralg@fundacionsgae.org
informacion@fundacionsgae.org

www.fundacionsgae.org

Máis información nas sedes e delegacións xerais da SGAE (www.sgae.es)

fundación sgae